

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde a día 21-08-2024  
ata a día 20-09-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA



### Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA OFICIAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 09 de agosto de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de maquinista-condutor/a da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

**Don José Manuel García Gómez**, para ocupar a praza número 551, denominada **maquinista-condutor/a**, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado **maquinista-condutor/a** entrada número 613, vinculado á citada praza.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S A SECRETARIA-INTERVENTORA; Montserrat Conde López.

R. 2488

O presente documento estará  
exposto no Taboero de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-08-2024  
ata a día 20-09-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

